

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE DICIEMBRE DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.2.	Días de chuvia en decembro de 2020.....	20
6.3.	Evolución da precipitación en decembro de 2020	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 20/01/2021



Mes moi húmido con temperaturas normais.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de decembro estivo caracterizado pola chegada de centros de baixas presións con vento do suroeste de xeito moi consecutivo nas primeiras semanas e o cambio a fluxos do norte e borrascas frías na última. Isto fai que as temperaturas medias estean moi preto da normalidade, xa que os baixos valores da última semana cancelaron a anomalía positiva que tiñamos nas primeiras semanas. Pero o máis salientable do mes foi o exceso de chuvia, xa que nalgúns lugares choveu máis do dobre do normal, sendo este resultado moi significativo, dado que decembro é o mes máis chuvioso do ano.

Así, nos dous primeiros días do mes tivemos aínda unha situación anticiclónica, con ceo aberto e boa temperatura.

Porén, esta situación foi de curta duración e na xornada do 3 chegaban a Galicia os efectos da borrasca *Dora* que deixaba nas xornadas do 3, 4 e 5 fortes refachos de vento, importante baixada da temperatura e neve en cotas mesmo puntualmente por debaixo dos 500 metros. Tamén deu lugar á primeira das dúas situacións que tivemos ao longo do mes de aviso vermello por ondas superiores aos 8 metros de altura.

O día 6 foi de transición, pero xa o día 7 a borrasca *Ernest*, moi profunda, activa e localizada no Cantábrico, deixaba fortes refachos de vento e chuvascos que se prolongaban na xornada do día 8.

O 9 foi novamente un día de transición, xa que entraba aire cálido, subían as temperaturas, pero nas derradeiras horas do día unha fronte acompañada dun río atmosférico deixaba chuvias persistentes e de intensidade moderada nas xornadas do 10 e 11.

O 12 serviu de novo como transición de cara á chegada doutra borrasca o día 13, que deixaba nesa xornada do 13 e o 14 chuvias xeneralizadas.

O día 15 unha baixa secundaria asociada pasaba preto de Galicia, deixando na noite do 15 e na madrugada do 16 un temporal de vento e chuvia, repetíndose de novo a secuencia.

O día 17 foi tranquilo, pero soamente á espera da chegada dunha nova borrasca o 18, con novas precipitacións intensas na segunda metade do día.



Entre o 19 e o 22, novas borrascas con ventos do suroeste deixaban chuvias e temperaturas suaves.

A atmosfera foi estabilizándose o día 23. O 24 os ventos cambiaron a norte, deixando un importante descenso de temperatura e algúns chuvascos illados no norte.

Os días 25 e 26 foron fríos pero anticiclónicos. A partir do 27 Galicia quedaba na influencia da borrasca *Bella*, que propiciou un forte temporal de vento ese día 27, con chuvias persistentes ao final do día e un novo aviso vermello no mar o día 28. A fronte do 27 arrastraba aire frío, polo que o 28 tivemos un importante descenso de temperatura que deixaba nesa xornada e na seguinte chuvascos de neve mesmo por debaixo dos 1000 metros.

O día 30 foi relativamente tranquilo, pero o mes remataba coa chegada dunha nova borrasca que deixaba chuva en toda a Comunidade na derradeira xornada do ano.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto no mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1) como no de altura xeopotencial (Figura 2), pódese observar como Galicia está baixo a influencia dunha forte anomalía de baixas presións centrada nas Illas Británicas. Con ventos predominantes de compoñente NO o que explica as baixas temperaturas máximas, ademais da influencia predominante das borrascas frías localizadas sobre as Illas Británicas. O acusado meandro que presentan ambas figuras mostra a circulación nesta caso, meridional da corrente en chorro.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Decembro-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Decembro-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	DECEMBRO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.0/11.6	11.5	14.5 (2015)	8.5 (1970)
Tª mínima media	10.0/9.5	8.9	11.7 (2015)	5.8 (1970)
Tª mínima absoluta	4.8/4.9 (día 26)	0.6 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	15.8/15.9 (día 21)	17.5 (17/12/1987)		
Tª máxima media	14.1/13.7	14.0	17.3 (2015)	11.2 (1970)
Tª máxima absoluta	18.8/18.6 (día 21)	25.6 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	10.7/9.9 (día 4)	5.0 (25/12/1962)		
Precipitación acumulada	196	126-133	400 (1978)	15 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	24	15	31 (1935)	4 (1941)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais resultando un mes moi húmido. Isto reflíctese principalmente no número de día de chuvia moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	DECEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.8	9.5	12.2 (1989)	7.9 (2001)
Tª mínima media	6.0	6.0	9.6 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima absoluta	1.28 (día 30)	-3.0 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	12.8 (día 21)	15.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	11.6	13.1	15.1 (2015)	11.7 (2009)
Tª máxima absoluta	16.9 (día 1)	24.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	5.8 (día 4)	3.6 (02/12/2010)		
Precipitación acumulada	340	182-271	782 (2000)	15 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	24	15	31 (1993)	5 (2016)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas medias. Isto debeuse a media das máximas que acadou o seu valor medio mínimo histórico, resultando extremadamente frío para esta variable e a que as mínimas foron normais.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais resultando un mes húmido, que se reflectiu tamén no elevado número de días de chuvia.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	DECEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.2	6.9	10 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima media	3.6	3.2	6.8 (1989)	-2.4 (2001)
Tª mínima absoluta	-3.4 (día 26)	-10.4 (17/12/2001)		
Tª mínima máis alta	11.4 (día 22)	16.0 (16/12/1987)		
Tª máxima media	10.9	10.50	14.1 (2015)	7.5 (1980)
Tª máxima absoluta	17.2 (día 22)	23.0 (21/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	4.3 (día 4)	1.0 (31/12/1982)		
Precipitación acumulada	232	108-125	353 (2000)	12 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	22	15	26 (1981)	3 (2001)

Comentario: Mes normal en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.0	10.1	13.4 (1989)	7.0 (1970)
Tª mínima media	6.6	5.8	10.2 (1989)	1.9 (1970)
Tª mínima absoluta	0.5 (día 27)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª mínima máis alta	13.7 (día 21)	16.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	13.5	14.4	17.3 (2015)	11.3 (1963)
Tª máxima absoluta	18.1 (día 1)	25.5 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	9.8 (día 4)	2.1 (27/12/1970)		
Precipitación acumulada	436	191-237	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	25	15	28 (2000)	3 (2016)

Comentario: Mes normal en canto á temperatura media, debido á compensación das temperaturas máximas, que deron como resultado un mes moi frío, coas temperaturas mínimas que foron cálidas para a época do ano.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2020. Temperatura: 1958-2020.



OURENSE

	DECEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.9	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
Tª mínima media	4.9	4.1	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-2.3 (día 26)	-8.6 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	11.6 (día 22)	16.0 (12/12/1981)		
Tª máxima media	13.0	12.8	16.0 (2015)	10.5 (1975)
Tª máxima absoluta	19.5 (día 22)	22.4 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	7.9 (día 9)	3.2 (25/12/1986)		
Precipitación acumulada	146	82-103	406 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	20	11	28 (2000)	3 (2016)

Comentario: Mes cálido en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. O número de días de chuvia tamén foi moi elevado nesta localidade, superando o valor climático agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2020. Temperatura: 1972-2020.

5 TEMPERATURA

As temperaturas quedaron en xeral preto dos valores normais nun mes de decembro xa que as primeiras semanas rexistramos valores que en xeral superaban as normais, pero nos últimos días a chegada de masas de aire frío deixaba temperaturas moi baixas.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de decembro de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de decembro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 1 foi de 10.1 °C. Os valores máis altos rexistráronse no litoral das provincias de Pontevedra e Lugo, con valores próximos 14 °C de media. As máximas máis baixas déronse na alta montaña ourensá e luguesa con máximas medias que superaron lixeiramente os 0.5°C.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de decembro, a partir dos valores do mapa da Figura 2, para o territorio galego foi de 4.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse nas zonas da alta montaña ourensá quedando por debaixo dos 0°C. Pola contra, os valores máis altos déronse no litoral, destacando a zona de A Coruña, que superou lixeiramente os 10 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de decembro de 2020.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra que o mes de decembro foi normal pola compensación de temperatura dos lugares máis fríos e os máis cálidos, tal e como se pode apreciar na Figura 3. Así, a anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de $-0.2\text{ }^{\circ}\text{C}$. Hai unha gran diferenza entre as zonas montañosas de Galicia e a comarca da Baixa Limia, onde as anomalías acadaron valores de ata -2°C , e no norte das provincias de Coruña e Lugo, onde as anomalías estiveron por riba do normal para a época do ano.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de decembro de 2020 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas comarcas de Ferrol e Ortelgal. As máis baixas (Táboa 2) déronse nas comarcas da Limia, Baixa Limia e Terras de Celanova.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	1.2
Bóveda	Lugo	0.9
Cariño	A Coruña	0.9
Cedeira	A Coruña	0.8
Carral	A Coruña	0.8
Bergondo	A Coruña	0.7
Begonte	Lugo	0.7
Ortigueira	A Coruña	0.6
Narón	A Coruña	0.6
Cerdido	A Coruña	0.6

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de decembro de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Verea	Ourense	-1.3
Lobeira	Ourense	-1.2
Lobios	Ourense	-1.1
Muíños	Ourense	-1.1
Entrimo	Ourense	-1.0
Bande	Ourense	-1.0
Vilariño de Conso	Ourense	-1.0
Esgos	Ourense	-0.9
Vilasantar	A Coruña	-0.9
Nogueira de Ramuín	Ourense	-0.9

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de decembro de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 1 e do 22 foron as que presentaron as temperaturas máis elevadas en ambas altitudes, destacando as provincias de Lugo e Ourense.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2020				
<u>por debaixo dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
22/12/2020	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	21.5
21/12/2020	Santa Cruz	VALADOURO (O)	Lugo	20.1
01/12/2020	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	20.0
22/12/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	20.0
01/12/2020	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	19.9
01/12/2020	Vigo	VIGO	Pontevedra	19.9
13/12/2020	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	19.6
22/12/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	19.5
01/12/2020	Entrimo	ENTRIMO	Ourense	19.5
01/12/2020	Simes	MEAÑO	Pontevedra	19.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en decembro 2020 a unha altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2020				
<u>por enriba dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/12/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	14.7
01/12/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	14.3
22/12/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	14.0
22/12/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	13.6
01/12/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	13.0
01/12/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	12.8
01/12/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	11.8
01/12/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	11.5
01/12/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	11.4
21/12/2020	O Xistral	MURAS	Lugo	11.2

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en decembro de 2020 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de decembro de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 26 de decembro foi especialmente fría en ambas altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/12/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6.3
05/12/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6.22
04/12/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-6.01
26/12/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-5.89
26/12/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.54
26/12/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-5.37
04/12/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.37
26/12/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.65
26/12/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-3.88
04/12/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	-3.87
26/12/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-3.4

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en decembro de 2020 a unha altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/12/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-7.03
26/12/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	-6.45
26/12/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-6.32
26/12/2020	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-5.61
26/12/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.43
27/12/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-5.05
26/12/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.59
27/12/2020	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-4.46
26/12/2020	Portomarín	PORTOMARÍN	Lugo	-4.25
26/12/2020	Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	-3.95
27/12/2020	Larouco	LAROUCO	Ourense	-3.94

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en decembro de 2020 a altitude menor de 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 8.6 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para decembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.12 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Isto debeuse á compensación das temperaturas máximas que foron frías (-0.70 °C), coas mínimas que foron cálidas (+0.47 °C). O precedente máis frío foi 2017.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en decembro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias superaron en xeral os valores normais dun mes de decembro, especialmente no oeste, onde a chegada de borrascas moi activas e consecutivas na primeira semana do mes deixaba valores que superaban o dobre da precipitación normal nesta época do ano.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 334 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse en practicamente toda a provincia de A Coruña e Pontevedra e gran parte da provincia de Lugo, tamén nas zonas máis altas da Comunidades se superaron os 400 L/m². A comarca de Terra de Lemos e as depresións da provincia de Ourense mostraron os valores máis baixos de precipitación, pero aínda así con cantidades importantes.




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de decembro de 2020.



6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de decembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 70 % superior ao período de referencia 1981-2010. Destacan as comarcas de A Fonsagrada e Os Ancares onde se acadou ata un 500% por riba da precipitación normal nesta época do ano. Porén, nalgunhas localidades da provincia de Ourense a precipitación foi normal o lixeiramente inferior ao agardado.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de decembro de 2020.

6.2. Días de chuva en decembro de 2020

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 23.3. Os valores máis altos acadáronse nas Serras Septentrionais (principalmente na do Xistral), onde case se acadaron 28 días de chuva. Pola contra, na comarca da Limia, acadáronse os valores máis baixos, chegando os valores máis baixos a 17 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de decembro de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de decembro. As precipitacións acumuladas neste mes superaron en moitas localidades os 400 L/m², destacando a comarca de Noia onde se acadaron máis de 700 L/m². Así mesmo, destaca a chuva rexistrada entre as xornadas comprendidas entre os días 10 e 11, e 15 e 16 de decembro, onde se superaron os 100 L/m² en 24 horas nalgunhas localidades.

Precipitacións acumuladas máximas en decembro de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	746
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	653
Cespón	BOIRO	A Coruña	646
Rebordelo	COTOBADE	Pontevedra	601
Costa	ROIS	A Coruña	576
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	574
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	554
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	540
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	521
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	518

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de decembro de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Cespón	BOIRO	A Coruña	136	20/12/2020 16:10
Muralla	LOUSAME	A Coruña	114	15/12/2020 9:30
Costa	ROIS	A Coruña	114	15/12/2020 9:30
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	109	10/12/2020 13:20
Rebordelo	COTOBADE	Pontevedra	109	10/12/2020 10:10
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	103	15/12/2020 7:40
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	99	10/12/2020 12:40
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	96	10/12/2020 11:10
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	93	15/12/2020 8:30
Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	92	15/12/2020 9:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de decembro de 2020.

6.3. Evolución da precipitación en decembro de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 301 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para decembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 67 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Tendo en conta que a porcentaxe de precipitación no ano 2019 foi similar, estes dous anos foron os quintos máis húmidos da serie histórica.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en decembro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que destacan dúas xornadas, a do día 15 e o 27 especialmente. Estes valores acadáronse en moitas localidades de Galicia. A porcentaxe de calmas foi en xeral baixa.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
27/12/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	155.3
27/12/2020	O Xistral	MURAS	Lugo	153.9
27/12/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	143.5
27/12/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	142.6
27/12/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	125.2
27/12/2020	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	124.8
07/12/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	122.9
15/12/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	122.3
03/12/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	116.8
27/12/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	115.0
27/12/2020	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	114.1
27/12/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	112.3
27/12/2020	Burela	BURELA	Lugo	111.7
27/12/2020	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	111.3
15/12/2020	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	109.7
15/12/2020	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	107.6
27/12/2020	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	106.2
27/12/2020	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	106.2
18/12/2020	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	106.0
27/12/2020	Cariño	CARIÑO	A Coruña	105.6
15/12/2020	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	105.3



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
15/12/2020	Lira	CARNOTA	A Coruña	104.4
15/12/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	103.9
15/12/2020	Fragavella	ABADÍN	Lugo	103.5
15/12/2020	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	100.7
27/12/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	100.2

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de decembro de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	104.4	SO	4		
		Día 15				
Pta. Candieira	Cedeira	143.5	SO	1		
		Día 27				
Malpica	Malpica	124.8	O	1		
		Día 27				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	106.2	SO	2		
		Día 27				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de decembro de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	142.6	SO	0		
		Día 27				
Campus Lugo	Lugo	60.0	S	52%		
		Día 27				
Ancares	Cervantes	116.8	S	5		
		Día 3				

Táboa 11: Resumo vento no mes de decembro de 2020 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	84.4	SO	9		
		Día 15				
Gandarela	Celanova	76.2	NO	29		
		Día 27				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de decembro de 2020 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	97.5	S	6		
		Día 25				
Cíes	Vigo	106.0	SO	16		
		Día 18				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de decembro de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de decembro de 2020.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de decembro 331 raios. Como se pode observar destacou a xornada do día 28 neste mes (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en decembro de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a gran maioría detectáronse no terzo norte da Comunidade.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en decembro de 2020.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en decembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Pódese observar que este mes de decembro foi o terceiro desde que comezou a funcionar a rede de detección de raios. Destaca ademais 2014, onde non se detectou ningún raio.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en decembro dende 2010 a 2020.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Año: 2020 Mes: 12

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Lugo																											
A Pontenova	8.1	10.78	18.1	22	5.7	0.6	4	192	19.2	4	-	86	97	72	17	47	336	26	109	16	-	-	-	-	28	0	
Abradelo	5.5	7.95	14.4	21	3.1	-1.8	26	319	41.9	10	-	87	95	74	16	45	333	-	-	-	-	-	-	-	24	6	
*Alto do Faro	4.7	6.62	12.1	21	2.7	-3.4	29	378	44.9	16	-	86	90	77	-	-	-	10	60	27	918	-	-	-	26	7	
*Alto do Poio	1.9	3.9	11.5	1	-0.1	-4.7	26	358	39.9	10	-	93	97	84	-	-	-	11	81	27	-	-	-	-	26	19	
Ancares	2.0	4.36	11.8	1	0.0	-4.6	26	457	80.6	10	-	91	98	80	16	45	340	24	116	3	861	-	-	-	23	18	
*Borreiros	10.3	13.65	19.4	22	6.6	0.6	26	388	43.8	4	329	91	100	72	24	66	389	6	61	18	1006	-	-	-	29	0	
Bóveda	6.4	9.95	16.8	22	3.3	-4.5	27	246	25.7	16	214	91	98	78	18	51	356	5	55	27	965	-	-	-	24	6	
Burela	8.6	10.9	17.0	21	6.6	1.6	4	254	28.1	7	191	83	93	71	27	73	416	24	111	27	964	-	-	-	27	0	
Campus Lugo	7.2	10.87	17.2	22	3.6	-3.4	26	231	25.0	4	211	93	100	76	22	61	390	6	59	27	968	-	-	-	24	3	
Castro R. de Lea	7.3	10.49	17.2	22	3.9	-3.5	26	259	25.1	4	-	92	99	79	24	68	398	-	-	-	966	-	-	-	26	4	
Conchada	5.8	8.88	15.3	22	3.2	-3.0	26	306	49.7	11	-	95	100	84	20	55	364	-	-	-	-	-	-	-	25	6	
Corno do Boi	5.3	7.55	12.1	22	3.1	-0.6	4	492	41.7	16	400	95	99	87	16	46	332	19	90	7	-	-	-	-	28	5	
Cospeito	7.1	10.53	17.2	22	3.5	-3.0	26	310	31.6	10	-	96	100	84	21	59	374	9	76	27	-	-	-	-	26	4	
Courel	4.9	7.64	14.5	22	2.3	-3.4	26	409	55.6	10	334	91	98	76	16	45	322	9	96	16	926	-	-	-	25	12	
Feiranova-Santaballa	6.9	10.04	14.9	22	3.6	-1.9	26	395	35.3	10	379	96	100	83	18	49	336	9	69	27	-	-	-	-	27	4	
Fontaneira	4.0	6.29	12.8	22	2.2	-1.8	4	353	48.7	10	291	94	99	85	13	37	290	25	111	27	901	-	-	-	27	11	
Foz	10.2	13.16	19.4	22	7.0	1.0	26	167	19.7	4	122	78	89	66	25	68	398	18	95	15	1006	-	-	-	23	0	
Fragavella	6.7	8.99	13.9	22	4.3	-1.2	26	260	20.7	24	235	90	97	78	25	68	391	24	103	15	944	-	-	-	29	1	
Guitiriz-Mirador	5.9	8.24	14.0	22	3.7	-1.8	26	487	50.7	28	367	94	98	84	14	40	294	14	73	27	935	-	-	-	27	4	
*Labrada	6.0	8.23	13.0	22	3.8	-0.3	4	486	33.4	10	468	91	98	81	15	42	314	15	71	7	-	-	-	-	29	2	
*Lanzós	6.7	9.85	15.4	22	3.3	-2.8	26	349	33.0	10	-	93	98	82	-	-	-	4	42	5	959	-	-	-	26	5	
*Lourenzá	10.1	13.52	19.6	13	6.4	0.0	26	198	23.2	4	-	81	93	67	-	-	-	8	65	15	-	-	-	-	28	0	
Marroxo	6.6	9.22	15.2	22	4.0	-2.3	26	110	18.2	5	87	90	97	77	22	61	363	12	75	27	941	-	-	-	22	4	
*Míllara	7.7	11.31	17.3	22	4.8	-1.5	26	181	23.7	16	-	91	100	74	-	-	-	7	62	27	-	-	-	-	24	2	
Monforte	7.6	11.48	18.3	22	4.1	-3.3	26	126	16.7	11	110	94	100	79	15	43	318	4	53	27	-	-	-	-	23	4	
*Morelle	6.9	10.55	17.8	22	3.2	-5.4	26	225	25.4	28	208	95	100	80	15	42	333	4	50	27	967	-	-	-	22	5	
O Cebreiro	1.9	4.38	11.4	1	-0.3	-6.3	26	287	34.5	10	-	96	99	88	12	35	304	20	114	27	866	-	-	-	26	20	
O Xipro	5.3	7.99	15.0	22	2.9	-2.3	26	290	33.3	10	273	95	100	82	19	52	348	16	93	27	923	-	-	-	27	6	
O Xistral	4.2	6.15	11.2	21	2.5	-1.4	4	392	26.7	16	348	99	100	96	9	27	261	48	153	27	-	-	-	-	30	8	
*Olveda	5.8	8.88	14.3	13	2.9	-2.5	27	284	32.9	16	266	92	98	81	15	42	360	6	56	27	-	-	-	-	24	5	
Pedro Murias	11.4	14.24	21.5	22	8.8	3.1	26	233	38.0	4	182	75	88	62	22	61	373	18	86	27	1008	-	-	-	26	0	
Penedo do Galo	7.1	9.17	14.7	22	5.3	0.6	4	242	24.7	31	216	91	98	78	23	63	375	41	142	27	-	-	-	-	27	0	
Pol	5.9	8.5	15.2	22	3.7	-0.5	26	300	35.0	10	-	92	99	81	20	57	349	-	-	-	939	-	-	-	26	4	
Portomarín	7.0	10.2	15.9	22	3.7	-4.3	26	246	29.4	4	-	95	100	83	13	37	313	-	-	-	964	-	-	-	25	5	
Riotorto	8.9	11.96	19.0	22	5.8	-0.2	26	273	23.2	24	250	94	100	80	24	65	396	9	74	27	-	-	-	-	27	1	
Sambreixo	6.7	9.89	15.7	22	3.3	-3.4	26	379	37.2	28	-	94	99	82	20	56	355	-	-	-	-	-	-	-	25	8	
*San Clodio	7.8	11.25	17.8	13	4.9	-2.5	27	196	31.6	11	-	93	100	75	-	-	-	3	39	27	986	-	-	-	21	2	
*San Fiz	7.5	10.81	16.3	11	4.6	-1.7	26	177	24.4	16	-	90	98	77	21	58	391	5	46	27	970	-	-	-	23	2	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 12

Provincia Estación	T ^{ao} C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Santa Cruz	10.0	13.9	20.1	21	5.4	-0.9	26	281	28.4	4	252	85	98	67	27	74	425	6	76	18	-	27	2
Serra Vacaloura	5.1	7.66	12.6	21	2.9	-1.3	27	326	33.9	10	271	99	100	93	22	61	370	23	99	27	-	27	6
Ventosa	4.9	7.66	15.3	22	2.4	-2.7	26	291	34.6	10	232	87	96	75	17	48	345	18	93	27	909	25	11
*Vilamor	10.1	13.31	19.0	13	6.5	-0.8	26	200	25.0	24	108	83	96	68	22	61	375	9	74	18	-	28	-
*Xabrega	8.1	11.88	17.8	22	4.7	-1.3	27	159	18.7	11	89	88	97	72	21	60	406	6	86	3	978	22	3

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 12

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
Ourense																										
A Mezquita	3.6	6.53	14.3	1	0.8	-5.4	26	196	21.4	11	175	90	98	75	28	80	445	13	82	27	899	23	14			
*A Portela	7.2	11.08	17.4	13	4.2	-3.3	27	291	51.8	11	269	90	100	71	17	47	353	6	57	27	-	21	3			
*A Trabe	5.5	8.46	15.3	1	2.8	-2.3	27	186	29.0	11	--	89	95	78	27	76	436	4	43	16	926	24	5			
Alto do Rodicio	4.1	6.46	13.7	1	1.9	-3.2	26	319	44.2	11	257	96	99	87	19	54	325	16	84	15	903	25	10			
Amiudal	6.9	9.88	15.0	1	4.3	-0.8	26	330	40.1	16	309	93	99	80	28	79	435	14	93	27	951	24	2			
As Petarelas	5.8	9.66	16.1	22	2.6	-3.9	26	258	36.7	11	-	92	100	74	22	63	425	-	-	-	-	21	6			
Baltar	5.4	9.28	15.3	22	1.5	-6.4	26	174	22.7	11	151	91	100	75	29	82	498	11	80	27	923	21	13			
Cabeza de Manzaneda	0.0	2.37	9.8	1	-2.3	-6.0	4	274	53.0	11	--	92	98	80	16	45	341	--	--	7	820	26	25			
*Calvos	4.6	8.1	15.4	1	0.9	-7.0	27	236	34.4	11	212	96	100	81	24	69	414	10	67	15	-	23	13			
Casaio	3.2	5.69	14.0	22	0.9	-3.1	5	142	22.6	10	-	85	95	71	-	-	-	8	112	27	-	23	15			
*Corzos	2.8	5.85	13.0	1	0.1	-5.9	26	216	23.3	16	-	88	94	75	-	-	-	10	57	16	-	24	17			
Entrimo	5.9	9.14	19.5	1	3.4	-1.5	26	340	59.8	11	-	95	99	84	19	54	350	-	-	-	-	25	5			
*EVEGA Leiro	7.9	13.12	19.1	22	4.3	-2.9	26	187	32.2	16	-	91	97	72	-	-	-	1	39	27	1005	23	3			
Gandarela	6.9	10.15	16.5	21	4.3	-1.0	26	180	19.9	7	--	90	97	79	31	87	477	9	76	27	943	23	1			
Lardeira	0.9	3.26	10.4	1	-1.4	-5.4	4	115	19.1	10	--	89	97	77	20	54	357	32	155	27	834	21	21			
*Larouco	7.0	10.4	16.0	11	3.8	-3.9	27	145	25.9	11	-	80	88	65	-	-	-	4	44	27	955	21	4			
Laza	6.1	9.57	15.2	1	3.0	-3.7	27	217	34.4	11	198	94	100	77	21	60	381	5	63	27	-	24	5			
Monte Medo	6.2	9.68	16.4	1	3.0	-4.0	26	212	27.0	10	-	91	98	76	23	65	385	-	-	-	-	24	9			
O Invernadeiro	3.7	6.56	12.8	1	0.8	-5.5	26	432	74.9	11	--	91	99	77	22	61	391	10	84	27	898	26	14			
Ourense	8.4	13.02	19.5	22	4.9	-2.3	26	145	16.6	16	-	85	96	64	-	-	-	-	-	-	-	22	3			
Ourense-Estacións	8.9	13.27	20.0	22	5.6	-0.8	26	151	17.4	16	127	86	96	66	25	69	424	2	48	27	1002	22	2			
*Pazo de Fontefiz	7.4	10.84	16.7	22	4.0	-2.8	27	206	29.1	16	--	88	95	76	22	61	383	3	36	24	968	23	3			
*Ponte Boga	7.6	11.38	18.6	21	4.3	-3.0	27	103	11.9	5	50	87	99	69	23	65	407	6	57	27	961	20	4			
*Prado	8.5	12.82	19.1	22	5.1	-1.8	26	175	23.9	16	-	--	--	--	-	-	-	--	--	3	--	23	2			
Remuíño	8.1	12.83	19.0	22	4.5	-2.4	26	194	23.0	11	175	93	98	74	15	43	356	4	62	28	-	23	4			
*Riós	4.9	7.82	15.2	1	2.2	-2.8	26	228	33.5	11	208	93	99	81	26	74	435	6	59	27	-	25	9			
San Xoán de Río	3.8	6.58	13.6	22	1.5	-3.4	26	234	33.6	11	189	92	97	80	23	64	395	18	100	27	898	24	14			
Serra do Eixe	2.8	4.99	11.2	22	0.5	-3.9	26	354	61.2	11	--	95	99	86	21	59	373	20	103	15	876	24	16			
Verín-Vilamaior	6.5	9.93	15.2	2	3.6	-3.2	27	145	21.4	16	123	89	96	76	21	59	384	6	61	11	953	24	5			
Verín-Vilela	6.4	11.33	16.7	22	2.7	-6.3	26	121	21.7	16	85	90	99	72	23	65	409	4	75	28	-	23	8			
Viana do Bolo	5.1	8.59	14.1	22	1.8	-5.6	26	105	12.7	16	76	87	97	71	27	75	432	9	65	28	918	23	11			
Xares	0.0	2.43	8.9	1	-2.3	-6.2	5	231	43.6	11	--	88	95	79	-	-	376	29	125	27	819	25	24			
Xinzo	5.9	9.79	16.1	1	2.0	-5.1	27	147	20.9	11	127	95	100	79	29	80	473	11	77	27	944	21	9			
Xurés	4.3	6.92	14.7	1	2.0	-2.8	26	363	65.5	11	--	92	98	80	26	75	442	--	--	-	895	24	12			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Año: 2020 Mes: 12

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	8.5	11.55	18.5	1	5.1	-1.4	26	453	56.0	16	433	92	98	79	21	60	372	8	54	20	-	-	-	-	26	2		
A Granxa	8.8	13.17	18.3	22	5.0	-2.5	26	442	54.8	11	421	92	99	75	20	57	384	3	62	27	1012	-	-	-	25	3		
A Lanzada	10.7	13.7	17.1	1	7.3	1.1	26	298	41.6	16	217	88	96	75	29	80	448	18	79	18	-	-	-	-	24	0		
*Areas	9.8	13.41	17.2	1	6.6	-0.4	27	464	57.2	16	444	98	100	90	21	59	385	2	45	27	-	-	-	-	24	1		
*As Eiras	9.9	13.58	16.9	1	6.3	-0.3	27	432	65.2	16	408	91	99	74	26	73	421	4	50	27	1012	-	-	-	25	2		
Atios	9.3	13.86	18.1	22	5.4	-1.5	26	459	62.2	16	440	97	100	81	22	61	393	4	64	27	-	-	-	-	25	2		
Baiona	11.5	14.38	17.3	1	8.2	2.7	27	350	60.3	16	318	87	98	69	26	74	435	11	73	7	-	-	-	-	24	0		
*Barrantes	10.1	13.4	17.3	1	6.3	-0.3	27	334	44.7	16	--	89	98	74	22	51	376	6	51	2	-	-	-	-	24	1		
Cabo Udra	11.2	13.58	17.2	1	8.9	4.5	27	254	43.9	16	228	93	100	79	27	75	432	21	96	18	-	-	-	-	25	0		
Caldas de Reis	8.8	11.42	14.8	1	6.5	1.9	26	477	51.2	16	455	90	97	80	20	57	363	8	65	27	984	-	-	-	25	0		
*Camanzo	9.0	12.45	17.5	21	5.7	-1.1	27	258	52.5	16	--	89	96	76	24	67	411	6	68	27	991	-	-	-	25	2		
Cangas-Porto	11.4	13.97	16.5	13	8.7	3.9	26	326	62.1	16	-	80	90	65	-	-	-	10	80	28	-	-	-	-	25	0		
Castro Vicaludo	8.4	10.51	16.2	1	6.4	0.9	26	399	57.1	16	383	96	99	87	24	68	400	22	107	15	960	-	-	-	25	0		
*Cequelifios	8.8	12.28	18.4	22	5.5	-0.8	27	326	43.2	11	--	--	--	74	28	67	471	--	--	3	-	-	-	-	26	2		
Corón	11.4	13.75	16.5	1	8.7	3.7	27	370	51.1	16	294	82	93	68	28	79	438	17	85	27	--	-	-	-	26	0		
*Entenza	9.1	13.19	17.9	21	5.7	-1.4	27	321	41.2	16	301	93	99	79	19	54	382	1	41	15	-	-	-	-	24	2		
Forcarei	6.3	8.86	17.2	1	4.1	0.0	4	468	50.6	16	454	97	99	90	20	57	361	20	85	27	-	-	-	-	26	0		
Fornelos de Montes	6.4	8.73	17.3	1	4.4	-0.1	4	653	78.5	11	635	93	97	84	19	54	337	20	97	25	934	-	-	-	26	2		
Gargamala	8.9	12.15	16.5	1	6.0	-0.1	27	508	58.8	11	486	94	99	82	25	71	405	4	70	27	-	-	-	-	25	1		
Illas Cíes	11.8	13.9	17.3	1	9.7	5.5	27	268	48.5	16	234	84	94	71	-	-	447	18	106	18	-	-	-	-	23	0		
Lalín	6.6	9.35	16.7	1	4.0	-0.7	26	304	43.2	16	-	95	99	83	-	-	-	10	71	27	-	-	-	-	25	1		
*Louredo	8.7	11.35	14.9	21	6.1	0.4	26	352	65.7	16	-	96	100	87	-	-	-	3	38	27	987	-	-	-	23	0		
Lourizán	9.9	13.47	18.1	1	6.6	0.5	27	436	63.0	16	414	94	100	78	21	59	400	4	59	3	1010	-	-	-	25	0		
*Meder	9.4	13.11	17.5	1	5.9	-1.1	27	322	37.2	11	-	85	92	72	-	-	-	3	62	27	1000	-	-	-	24	2		
Monte Aloia	7.4	10.49	19.4	1	5.1	0.2	4	517	50.3	16	460	96	99	88	15	41	318	9	68	27	960	-	-	-	25	0		
Mouriscade	6.7	10.29	16.9	1	2.9	-4.6	26	264	39.2	16	--	91	98	77	13	36	317	--	--	-	957	-	-	-	23	10		
O Viso	8.6	12.28	18.8	1	5.8	1.0	27	463	48.4	16	--	90	95	79	16	44	322	9	76	3	985	-	-	-	25	0		
Ons	10.9	12.95	15.9	1	9.0	4.7	26	301	44.0	16	270	88	97	77	-	-	463	25	97	4	1002	-	-	-	24	0		
*Pé Redondo	10.4	13.3	17.3	1	7.7	2.0	24	400	55.8	16	358	91	97	79	20	57	350	3	55	18	-	-	-	-	25	0		
*Ponte Caldelas	8.3	11.15	17.4	1	5.1	-0.5	27	521	45.3	16	496	88	94	77	23	64	373	7	58	3	974	-	-	-	26	2		
Pontevedra-Campolongo	10.3	14.35	20.0	1	7.0	0.6	26	433	52.1	16	-	90	99	70	-	-	-	3	52	27	-	-	-	-	25	0		
Rebordelo	7.7	11.26	19.9	1	3.8	-2.8	26	601	67.4	11	-	96	100	86	20	55	350	-	-	-	974	-	-	-	26	10		
San Nomedio	6.8	9	16.2	1	5.0	0.0	4	412	46.9	11	326	94	98	86	22	54	372	21	94	27	-	-	-	-	25	0		
Sanxenxo	11.2	13.88	17.4	1	8.4	4.0	30	331	47.4	16	301	83	94	69	30	83	432	6	52	27	1012	-	-	-	24	0		
Serra do Faro	4.1	6.34	13.4	1	2.3	-1.4	4	377	43.6	16	308	95	98	90	15	41	305	25	97	27	901	-	-	-	25	10		
*Simes	10.1	13.39	19.4	1	6.7	0.8	26	315	49.5	16	-	88	97	72	29	71	433	-	-	-	-	-	-	-	26	0		
*Soutomaior	9.6	12.96	17.8	1	6.8	1.7	27	411	59.5	16	-	90	98	76	-	-	-	3	46	27	996	-	-	-	25	0		
*Torrequeintás	10.4	13.79	19.0	1	7.1	0.7	27	331	51.5	16	223	91	98	78	29	81	454	7	62	10	1008	-	-	-	24	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 12

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
*Tremoedo	10.1	13.26	16.8	1	6.7	0.9	27	311	41.4	16	-	86	94	70	-	-	-	4	49	25	1008	25	0			
Vigo	10.6	13.73	19.9	1	8.0	3.5	26	345	46.9	16	-	83	93	68	-	-	-	-	-	-	-	24	0			
Vigo-Campus	8.5	10.56	17.4	1	6.7	1.9	4	419	40.4	16	394	89	96	77	27	77	435	10	74	18	963	25	0			
Xesteiras	6.1	8.19	16.8	1	4.2	-0.3	4	492	61.3	21	-	97	99	91	-	-	-	--	--	-	-	27	1			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.